

[...]

SÍNTESE DIACRÓNICA DO PROBLEMA

O narcotráfico empezou a preocupar en Galicia dende que, de allea e distinta realidade nos detritos humanos das sociedades opulentas dos anos 70, coma a norteamericana, cos seu *hippismo anti-establishment*, pasou a ser unha ameaza concreta e inmediata na costa atlántica galego-portuguesa. As Rías Baixas empezaron a estar no punto de mira dos carteis colombianos coma unha terra de promisión polo que se refire a vías para introducir e distribuír haxíx, cocaína e heroína con destino a Europa. A accidentada xeografía das nosas rías e as ben trabadas redes do *choio do fume* (contrabando de tabaco) ofrecían unhas posibilidades de ouro para o *choio da fariña* (droga).

Por outra banda, a comarca de O Salnés posuía un material humano moi hábil e experimentado nas lides do contrabando xa dende tempos do estraperlo da posguerra do 36.

[...]